

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

EXTRACTO da Resolución do 8 de xaneiro de 2025 pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras do marco de apoio ao acceso ao crédito das pequenas e medianas empresas, instrumentadas mediante convenio coas sociedades de garantía recíproca e as entidades de crédito adheridas (financiamento Igape-pemes) para o ano 2025, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva (código de procedemento IG535A).

BDNS (Identif.): 807981.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (BDNS) (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

As pequenas e medianas empresas, segundo a definición establecida pola Comisión Europea no anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 (DOUE L 187, do 26 de xuño), da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado UE, físicas ou xurídicas, que cumpran os seguintes requisitos:

a) Realicen unha iniciativa empresarial nun centro de traballo, obxecto da actuación a financiar, localizada na Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Cumpran os requisitos e condicións establecidos para a correspondente liña de financiamento, que se detallan no Anexo I ás bases reguladoras.

Tamén poderán ter a condición de persoas beneficiarias as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, as comunidades de bens, as sociedades civís, ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, cumpran os requisitos do anterior número 1.



Segundo. *Obxecto*

As axudas concédense en réxime de concorrencia non competitiva e o seu obxectivo é regular as condicións e o procedemento de tramitación do marco de apoio ao acceso ao crédito das pequenas e medianas empresas, instrumentadas mediante convenio entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as sociedades de garantía recíproca (SGR) e as entidades de crédito adheridas, que se desagrega nas liñas de financiamento específicas detalladas no Anexo I das bases reguladoras.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Resolución do 8 de xaneiro de 2025 pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras do marco de apoio ao acceso ao crédito das pequenas e medianas empresas, instrumentadas mediante convenio coas sociedades de garantía recíproca e as entidades de crédito adheridas (financiamento Igape-pemes) para o ano 2025, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva (código de procedemento IG535A).

Cuarto. *Importe*

Os créditos dispoñibles para concesión nesta convocatoria aboaranse con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias por un importe de 19.000.000 € coa seguinte distribución plurianual, previa existencia de crédito adecuado e suficiente:

Partida orzamentaria 09.A1.741A.8900: 3.750.000 € no ano 2025.

Partida orzamentaria 09.A1.741A.7700: 300.000 € no ano 2025, 9.450.000 € no ano 2026 e 5.500.000 € no ano 2027.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes de axuda comezará a computarse 5 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación da resolución de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* ás 9.00 horas e rematará o 30 de setembro de 2025 ás 14.00 horas, agás que antes desa data se produza o esgotamento do crédito.

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2025

Patricia Villajos Grande
Xerente do Instituto Galego de Promoción Económica

